

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE SETEMBRO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día quince de setembro de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1.- LICENCIAS URBANÍSTICAS.- Acordouse outorgar licenza para as seguintes actuacións: legalización de ampliación de alpendre e obras de finalización e acabado no núcleo rural tradicional de Cima de Vila+Tabernas+ Toiriz, número 9, parroquia de Santiago de Piúgos (Expte.: 2020/y001/000228), e para o cambio de uso de local en planta baixa para 1 vivenda e garaxe privado en edificio existente na rúa Santiago, numero 128, baixo esquerda. (Expte.: 2021/y001/000101).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS.

2.- CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acordouse prorrogar o contrato relativo ao Servizo de mantemento e conservación de vías urbanas, dende o 19 de setembro de 2021 ata o 18 de setembro de 2022. Exp. 2020/C003/000010.

Así mesmo, acordouse desistir do procedemento para a contratación da prestación do Servizo de centro de día “Novo Antonio Gandoy” de atención a persoas maiores, por erro na confección do estudo de custes. Expte. Ref. 2021/C003/000021.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.